

A S A I A

MARZO 1982

Nº 0

Apto. 1090 SANTIAGO

10 PESOS

EDITORIAL

Nas "II Jornadas Estatales de la Mujer" (Granada, decembro, 1979), o **feminismo da diferenza** faisa patente dentro do movemento feminista en España. Isto fai que en outubro de 1980 se celebren as "Jornadas de Mujeres Independientes" en Barcelona e no xuño pasado en Vigo, dando carta de nacemento a esta nova corrente, na cal nos incluímos como colectivo feminista **ABSOLUTAMENTE INDEPENDENTE** de tódolos partidos e organizacións porque consideramos que soiamente neste marco teñen cabida as nosas perspectivas.

O **COLECTIVO FEMINISTA INDEPENDENTE** chámase tamén **GALEGO** pois é obvio que o noso entorno e a nosa realidade é Galicia.

O noso grupo está pensado como unha plataforma aberta a tódalas mulleres con desexos de dar unha alternativa global e **RADICAL**, por considerar ó Feminismo como unha opción política.

Os nosos traballos, ideas e posturas e os de todas aquelas que queiran colaborar, van ter espacio neste boletín pra propiciar o contacto e mesmo o debate entre tódalas interesadas, polo que esperamos que esta introducción non sirva soiamente pra nosa presentación, sinon que facilite o acercamento de tódalas mulleres; pós somos **MULLERES Feministas** que simplemente imos tomar o noso espacio, o cal vai mais aló da igualdade de dereitos, e dende logo queremos facelo con **LEDICIA**. Pra isto está aberto o apartado 1.090 de Santiago.



SUMARIO

- ♀ **A MULLER ESCRITORA GALEGA:** Carmen Blanco. Páx. 2
- ♀ **A PRENSA NACIONALISTA E A MULLER:** Margarita Ledo Andión. Páx. 3
- ♀ **8 DE MARZO-**Páxs. 4 e 5
- ♀ **ENTREVISTA CON ANA LISTE-**Páxs. 6 e 7
- ♀ **CINE E MULLER-COUSAS.** Páx. 8



A MULLER ESCRITORA GALEGA

A presenza da muller como autora na literatura galega é relativamente escasa, do mesmo xeito que no resto das facetas sociais e como corresponde á sociedade patriarcal na que tal literatura se desenvolve.

Ainda así, hai certos aspectos da cultura galega que non parecen ser casuais e que poderían revelar a presenza de posibles rasgos pre-patriarcais persistentes no sistema patriarcal superposto e dominante. Entre estes aspectos destaca en primeiro lugar, a indudable autoría feminina de moitas das creacións da literatura folklórica; feito doadamente explicábel posto que é precisamente no folklóre onde fican fosilizados os estadios anteriores da cultura dos pobos. En segundo lugar, poderíamos falar da perspectiva feminina das "cantigas de amigo" mediavais, que se manifesta tanto a nivel temático como formal. E por último, poderíamos engadir a importante aportación da muller galega á cultura no século XIX. Neste sentido, se ben dúas mulleres da altura intelectual de Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán se perderon para a cultura galega (compre ter en conta que o galeguismo foi un movemento minoritario e que o fenómeno disglósico supuxo unha maior castellanización da muller) non ocorreu así con, polo menos, parte da obra de ROSALIA DE CASTRO.

Mais estas afirmacións teñen aínda moito de hipotéticas xa que nun repaso histórico da contribución da muller á nosa literatura non deixan de presentarse feitos que poden parecer contradictorios.

A primeira realidade deste tipo coa que atopamos é a ausencia de troveiros e xograres femininos na lírica medieval galega. Esta inexistencia de mulleres creadoras na literatura cortesana dos séculos XII, XIII e XIV contrasta vivamente coa presenza de "trobairitz" como a Condessa de Die, Marie de Ventadorn ou Clara D'Anduza na lírica occitana. O contraste aínda se acentúa máis se temos en conta a influencia que dita cultura exerceu sobre a poesía galego-portuguesa desta época. E máis aínda se analizamos a importancia que tivo en Galicia o xénero da "cantiga de amigo", poema amoroso posto en boca dunha muller, que como é lóxico se adaptaría perfectamente á autoría feminina.

Pero as cantigas de amigo teñen un interese sobre todo temático, pois presentan unha concepción do amor oposta á do seu coetáneo o "amor cortés" occitano, pai da ideoloxía amorosa occidental. Frente a este amor idealista e platónico que emana do home, as cantigas de amigo presentan un sentimento máis totalizador e complexo no que unha muller real é protagonista.

Avanzando no recorrido histórico durante o longo silencio que supuxeron os denominados "séculos escuros" tan só podemos citar como testemuña o nome de ISABEL DE CASTRO E ANDRADE, condessa de Altamira no século XVI, ou xa no XVIII o de FRANCISCA DE ISLA E LOSADA, chamada a "musa compostelana" e que foi unha das mulleres máis ilustres da época.

O século XIX, revalorizador das diferencias, supuxo un importante paso adiante para dous redutos marxinaos: o sexo feminino e a comunidade galega. Así, no incipiente Rexurdimento podemos nomear xa como un símbolo a NICOLASA AÑÓN, irmán de Francisco e poetisa analfabeta que polas súas posibilidades literarias encarna perfectamente á arquetípica Judith Shakespeare da que falaba Virginia Woolf en **Unha habitación propia**.

Mais o Rexurdimento pleno aparece protagonizado por unha muller. ROSALIA DE CASTRO. Esta importante figura destaca polo seu recoñecido valor literario pero tamén pola presenza na súa obra dunha preocupación que poderíamos denominar en certo sentido "feminista". Sendo así significativo, por exemplo, o texto da dedicatoria de **Cantares gallegos** á novelista Fernán Caballero, onde fai fincapé de maneira explícita na reivindicación da muller escritora, ademais da tantas veces sinalada reivindicación galleguista: **Por ser mujer** y autora de unas novelas hacia las cuales siento la más profunda simpatía..." Do mesmo xeito, aparece esta preocupación rosaliana en **Follas Novas**, sobre todo na introdución da autora, na poética do Libro I e moi especialmente no Libro V ("As

viudas dos vivos e as viudas dos mortos").

Xunto a Rosalía destaca, pola súa dedicación e calidade literaria, a poeta e novelista FRANCISCA HERRERA GARRIDO; sen dúbida a segunda figura da literatura feminina galega de fins do XIX a primeiros do XX. Tamén podemos lembrar outros nomes cun certo valor anecdótico como o de XANA TERESA JUEGA LOPEZ, ferida de gravidade polo seu mozo a causa do libro de poemas que ela se dispuña a publicar, ou o de FILOMENA DATO MURUAIS, quen no seu **Follatos** inclúe un poema titulado "Defensa das mulleres", que está na liña profeminina da escritora latinoamericana Juana Inés de la Cruz.

Tras do paréntese que supuxo a guerra civil, a medida que se van recuperando as letras galegas ao arredor sobre todo dos anos 60, a muller vaise incorporando á literatura dunha maneira cada vez máis normalizada. Así, dentro das promocións que se van sucedendo na postguerra, podemos citar unha serie de figuras cunha recoñecida entidade literaria, que ademais, e se cadra significativamente, moitas delas teñen en común unha concepción básicamente intimista da creación literaria. Lembramos, en primeiro lugar, a promoción eminentemente poética de MARIA MARIÑO, LUZ POZO GARZA, PURA e DORA VAZQUEZ e a norteamericana ANNE MARIE MORRIS.

Posteriormente, as seguintes xeneracións diversificaráanse en máis xéneros literarios (poesía, teatro, novela, conto e ensaio). Neste sentido hai que destacar a laboura multixenérica de **Xohana Torres**, así como a aparición do ensaio feminista con MARIA XOSE QUEIZAN e TERESA BARRO.

Carmen Blanco

Poesía

POEMA DE UN SOÑO-DESEXO

O tempo e mai-lo espazo
volvéronse muller:
A noite e os camiños
están cheos de festa,
E todas alentan
unha brisa plácida
de ar fresco.
E puiden tornar
á miña casa
tranquila
sen nengunha agresión.

Vran,
2 de Agosto do 1978
María Bauça.

A PRENSA NACIONALISTA E A MULLER

O importante e convulso esforzo que significa hoxe o feminismo en Galicia ten diante si un labor bonito, imprescindible, de futuro: afirmar o feito da autoorganización da muller, debatir sobre aqué aspectos fundamentais para avanzar na nosa liberación, exclamar que a existencia de dereitos nosos é unha cuestión con vincallos na intervención política e social que fagamos nós máis que cos préstamos (sempre con interés) das formacións sectarias (o sexismo é a primeira manifestación de secta) que nos acompañan.

Tamén tén diante si, o feminismo, recuperar a memoria, esa memoria esfaragullada polas normas sociais populares (os fillos de solteira, por exemplo), en pautas da cultura nacional e da formación económica galega (a muller supera ao home tocante a posición de títulos de propiedade agraria), da inserción da muller no proceso productivo non doméstico, e que daban pé a esta clase de noticias: "**María González Fernández, de coarenta e seis anos, ferida de bala na feira do trece en Sedes**". Era unha manifestación contra o imposto dos "consumos". Era o ano 1918.

Parte desa memoria histórica é o posicionamento do nacionalismo fronte á muller. Un medio singularmente útil para achegarnos a este extremo é a prensa. O periódico umbilical do nacionalismo astra o 1936, daquel nacionalismo contradictorio, reformista, armonizador, foi A NOSA TERRA.

Evidentemente non imos dicir que ANT resista unha lectura feminista ou mesmo que supere os estereotipos reductores asignados á muller, estereotipos como as merecentes liñas adicadas "**á patriótica e meritísima labor que veñen realizando as fermosas señoritas e os entusiastas hirmans...**" e que mereceremos en ocasións diversas tanto como nesta reseña ao estreno teatral de "A Ponte" de Lugrís, e mais "O pecado alleo" de Carré na Irmandade da Fala coruñesa.

Pola contra, o interese ideolóxico en que perdure a división social do traballo e o ghetto vense desfiar, acotío, dos textos nacionalistas a pesares da defensa de cuestións como o acceso da muller á educación ou de que xa nas conclusións da I Asamblea das IF, no 1918, e no primeiro punto do apartado político, recollan a igualdade de dereitos home-muller. Hai un texto de propaganda, sintético e directo como o son os textos da boa propaganda, que ilustra sen recato das posicións galeguistas verbo/versus da opinión feminista. E no ano 33, na primeira campaña electoral á que o PG concorre como partido nacional galego:

MULLERES GALEGAS

Votaron en favor do voto da muller os deputados galeguistas. Pensaron en vós mulleres e nais dos emigrados, viudas de vivos e mortos.

O voso voto pode ser decisivo na redención de Galicia; pero tamén pode ser un instrumento da vosa esclavitú.


Unha Galicia, libre e rica como piden e defenden os galeguistas, poderá manter no seu a tódol-os seus fillos suprimindo o triste drama da emigración.

Nais galegas. Pra que os vosos fillos non morran en terras eistranas, pra que vós seades a frol primorosa dos nosos fogares en ves de esclavas do agro e da costa. Votade a candidatura do Partido Galéguita".

E a frol primorosa dos fogares, cando aparece individualizada na información da prensa nacionalis-

ta e esta individualización da muller como grupo é, por unha banda, síntoma privilexiado do papel activo que ten na sociedade galega pero tamén o aspecto máis progresista, obxetivamente, para unha lectura feminista desta prensa nacionalista, esta frol primorosa, decíamos, aparece en informacións que nos dicen, como o primeiro de marzo do ano 22, que tres homes e **unha muller** morreron cruelmente asesiñados no transcurso dunha manifestación do "non Paguemos" (os foros) en Pontevedra; que nun mitin agrario-galeguista "moito denantes da hora señalada para o comenzo do acto, xa se tiñan xuntado unha numerosa e entusiasta concurrencia, que subía das dúas mil persoas, e **entre as que había moitas mulleres...**" que "os agrarios son encarcerados" **as suas mulleres maltratadas**", que ...

Margarita Ledo Andión





8 MARZO: DIA INTERNACIONAL DA MULLER



Como non queremos facer o típico panfleto, as "históricas", "frustradas", "resentidas", "amargadas", "feas"..., feministas que formamos este Colectivo i elaboramos este boletín, que por suposto está aberto a cantas en él queirades participar (cousa que nos encantaría); cando nos plantexamos encher estas páxinas está claro que no primeiro que pensamos foi no típico artigo serio e aburrido que a situación esixía nunha data tan sinalada. Pero non nos daba saído; tal vez porque este plantexamento non vai co noso "esprito"; así pensamos en facelo dunha forma mais nosa e orixinal e ocurriusenos que unha boa idea sería que quen quixera escribira algo referente ao oito de marzo, día internacional da muller. E saiu ésto:

E necesario aclarar o por qué desta nova concepción do 8 de Marzo que dende o ano 1908 (morte de 129 mulleres na fábrica de Cotton en New York) foi instituído coma "Día Internacional da Muller Traballadora", e que nós decidimos chamar simplemente "Día da muller", posto que consideramos que toda muller traballa, sexa asalariada ou non.

Con isto non rechazamos a sentido histórico deste día, senón que dende esta nova concepción pretendemos unificar a loita de todas as mulleres, xa que absolutamente todas están baixo unha explotación económica e unha opresión ideolóxica que arranca da familia patriarcal. Esta situación común únese ás condicións en que se atopan as que traballan fora do fogar: discriminación por razón de sexo, salarios mais baixos, etc. E en épocas de crisis serán as primeiras en quedar na rua, por considerar que a sua función natural é ocuparse da sua familia e tarefas de fogar.

Por iso as reivindicacións deste día non poden quedar nun mero análise da situación da traballadora asalariada, xa que o resto das mulleres, que pro outra parte son a maioría, non reciben remuneración algunha. Parece ser, que o seu traballo vese suficientemente pagado e compensado có salario do home, pai...



"Partimos dun feito innegable: que a opresión e explotación da muller é unha realidade que nos envolve a TODAS. Si o paro nos afecta sobretudo a nos, si os nosos salarios en iguais condicións son máis baixos que os dos homes, si a nosa xornada laboral non remata o saír da empresa porque temos que parir, cuidar dos fillos, lavar, cociñas, planchar, fregar... Si todo isto nos pasa non é mais que polo feito de que somos mulleres e nos tocou vivir, deica hoxe, nun mundo feito por e para os homes.



Non queremos poñer parches pedindo tan soio que nos equiparen cos homes no plano laboral, sinon que loitamos pola nosa liberación a todos os niveles".



As personas temos multitude de inquietudes e facetas que nada teñan que ver co mundo do traballo, a nosa entidade e identidade exténdese a outras dimensións que temos atrofiadas a causa dunha ideoloxía dominante, idólatra do traballo que dificulta e impide a realización de cada persoa en todas as dimensións do ser. Pra preservar os seus intereses limitánnos a ser entes productivos, ensalzando o traballo, que chega a ser cuestión de supervivencia na actualidade, e desprestixando o ocio; así desligan a sexualidade do pracer, identificándose con reprodución (léase produción de novas pezas pra máquina).

¿Onde están os límites entre o traballo e o ocio?

¿Por qué o traballo non pode ser crestivo e pracenteiro?

A loita das mulleres vai encamiñada a nosa liberación, que leva implícita a de toda a sociedade, por iso non imos centrarnos no traballo sinon na persoa, pra dar unha alternativa global a sociedade.



ACIONAL DA MULLER



A xeito de lembranza, imos celebrar as mulleres o 8 de marzal como noso, pra que ninguén esqueza que estamos en continua loita contra calquer tipo de asoballamento.

O punto de partida: nos mesmos.

Obxectivo: un novo mundo onde as DIFERENCIAS non signifiquen desigualdade.



AS ILLAS DOS BENAVENTURADOS

Eu sei de unha illa moi lonxana,
arrodada de lúcios cabalos mariños,
que nadan cara as súas costas albeiras,
catro piares e sosteñen, locindo ergueitos.

Diante dos meus ollos xurde o país prateado
onde nas árbores medran bonitos cristás e pedras
preciosas,

O mar aloumiña as costas co-as súas ondas
i-a locente espuma das suas melenas devala.

.....

A canción que o exército canta
non soa tristeira nin esmorece;
alámpase en centos de coros,
o que a escoita líbrase da vellez e da morte.

¡Non te afrouxes no leito da nugalla,
non te abandoesa á bebedeira,
navega po-lo ancho mar
pra chegar ó país das mulleres!

(Fragmento dun poema do século VIII)



« A muller traballa mais e cobra menos.
As responsabilidades maternais nuns casos
non as exime de traballar de sol a sol e
noutros casos sirve de excusa pra despedi-
dilas.»



ENTREVISTA A ANA LISTE

Sobre bruxas

Quixemos incluír nesta primeira publicación, o tema da superstición, ou máis concretamente a bruxería, cuestión que como mulleres non pode deixar de interesarnos. Pra elo puxémonos en contacto coa autora de "Galicia, bruxería, superstición y mística" un libro publicado por edicións PHANTALON a finais do vran pasado. A autora, compañeira tamén nesta liña do feminismo, cóntanos un pouco como naceu a idea de levar adiante este traballo.

COLECTIVO FEMINISTA: Ana, por qué este libro, por qué escolliches concretamente este tema?

—ANA LISTE: Eu diría que é unha cuestión de sensibilidade, de estética, aínda que pareza extraño. Dendelogo o meu interese por este tema non partiu dunha noite inspirada. O primeiro que sucede é que me gusta escribir, dalgún xeito é a miña profesión, caseque o meu oficio. Por outra parte interesame a etnografía e se sumamos as dúas cousas a explicación está dada. Pensei que se naceuse en Grecia tería sido sensible o entorno, á historia, en Galicia a outro nivel acontece o mesmo. Todo o que atinxe á superstición paréceme unha raíz, un canle directo para coñecer a historia que nos precede. Profundizando no tema e achegándonos á historia escrita caemos na conta de que a terxiversación é notoria e este foi un punto máis que determinou a escolla deste tema, sabe-lo que acontecía e porque soamente se podía saber a medias.

—C.F.: Pódese entender entón que na idea que a xente ten sobor da bruxería hai unha certa terxiversación?

—A.L.: Eu atreveríame a afirmalo. Por exemplo, se votas unha ollada o "MALEUS MALEFICARUM", que ven sendo un manual dos inquisidores escrito polo século XVI, daste conta de que toda unha concepción sobor do maleficio, as bruxas, o pecado, etc., cobran grande importancia nun momento no que a sociedade atravesaba unha época de crise. Mentras o poder do Imperio a combate co seu maior adversario, o poder de Roma, a familia esnaquízase ó mesmo tempo que se implantan nas cidades verdadeiras repúblicas urbanas. Isto non se podía aturar e a inquisición naceu pra elo, oportunamente. Neste momento é moi probable que fixera falta algún "chivo expiatorio" e así



Unha das mulleres que practican a medicina popular, prós "ortodoxos" unha meiga.

deberon xurdir as bruxas, as auténticas bruxas, tal e como foron concebidas e como se as segue pensando. Persoalmente penso que estas mulleres xamais traspasaron a fronteira da mente de que-

nes as crearon.

—C.F.: Onde colocarías entón ás famosas "meigas"?

—A.L.: Probablemente as colocaría na posguerra, no que se refire a Galicia,



aínda que podería remontarse moito máis atrás. Mais pra sintetizar, penso que o máis importante é ter conciencia deses corenta anos nos que parece que o principal obxectivo foi homoxenizar, igualar por enriba de todo, aínda que fose destruíndo. Non só os partidos de esquerda estaban na clandestinidade, é xusto recoñecer que una ideoloxía política en Galicia pouco tivese que ver co forte arraigo cultural, aínda que ámbalas dúas cousas estivesen igualmente perseguidas. A diferenza atopámo-la en que os partidos organizáronse na clandestinidade e as bruxas calaron ou no mellor dos casos, a unha certa forma de cultura chamouselle incultura, o cal é un xeito de eliminar discrepancias. Penso que en Galicia, desde mui atrás as cousas fóronse transmitindo de boca en boca e por iso fican con máis arraigo do ca que noutras partes. Borges fala alhunha vez duns homes extraños consagrados á tarefa de soñar e soñar. Neste sentido penso que cando se impón o silencio, a imaxinación convértese en revidia. Se nos concretamos nas "famosas meigas" calquera pode observar que estas mulleres soen ser elementos fóra dunha determinada orde social xeneralmente mulleres solteiras, soas ou con fillos, prás que a sobrevivencia plantexase esencialmente difícil e a min parece que toda a súa maxia consiste neso, en sobrevivir. Cando unha destas mulleres che di que hai ladróns de sorte, de seguro que che está a falar en serio. Aínda máis se encravamos a esa muller, no medio rural e sen unha estrutura cá apoie como ó resto dos veciños, aseguroche que o pan de cada día é un problema de inxenio, de maxia, aínda que na figura da meiga tamén teñen parte os ca rodean e os seus correspondentes complexos de culpabilidade. E unha pena que só os antropólogos se adiquen a ver estas cousas, penso que os psiquiatras teñen tamén un campo amplo de cara á investigación cultural, cousa que estes bos homes parecen ter esquecido. Por outra parte, no traballo de campo que fixen foi sorprendente a cantidade de mulleres coas que atopei adicadas a exercer a medicina popular e sicolóxica. De todas elas, a meiga é a máis temida e a máis inaccesible. Despois por rigurosa orde atopariámonos coa bruxa que practica por oficio e por encargo, coa sabia e no derradeiro lugar co curandeiro, que ven sendo o masculino de bruxa. Non atopei nen un só sabio e entre o curandeiro e a bruxa, o primeiro soe ser menos fiable.

—C.F.: Porqué a muller acostuma a adicarse a estas tarefas máis a miúdo do que os homes?

—A.L.: Pois como che decía, a historia en Galicia ten sido transmitida de boca en

boca, e probablemente, polo aillamento ou polo que sexa, a muller xogou neste un papel determinante xa que a educación que ía transmitindo ós seus fillos, se queres en función da pobreza de estímulos estaba case sempre arraizada no pasado. Por outra parte era ela quen se tiña que enfrentar directamente co tangaño dos nenos-a falta de medios, era un feito- ou co coidado dos vellos ou dos doentes. Por suposto o tangaño convertiuno no "mal de ar", e cando a gravidade do mal non se podía amañar con remedios, tiña que botar man doutras solucións. Neste sentido eu penso que manexou a imaxinación da mesma maneira que as herbas e esto a min parece impresionantemente entrañable. Non obstante unha grande parte dos curandeiros que atopei tiñan un móvil fundamental que eran os cartos. Non quero decir que isto sexa sempre así, mais non deixa de ser significativo que na maior parte dos casos a diferenza sexa esta, por eso digo que unha muller pode non soamente estudar e investigar neste campo con maior facilidade do que un home senon tamén aprender, pois é mui probable que estas mulleres, na súa maioría de mais de sesenta anos, teñan aínda moitas cousas que decir. Dende logo non se pode aturar que do meigallo se diga algo así como que é "un histérico violento de jóvenes labradoras" como ven sostendo algún dicionario galego, entre outras cousas porque o meigallo é algo que, sinxelamente, provoca tristura.

—C.F.: Pensas que se podería establecer alguna analogía entre as mulleres das que falas no teu libro e as que estamos na loita feminista?

—A.L.: Por suposto que sí, aínda que eu son pouco partidaria desa catalogación, refirome ó da loita feminista, penso que o feminismo é unha postura, unha postura humana como poucas e nesa medida poderíamos empezar a establecer comparacións. Por outra parte, na miña opinión, o feminismo foi capitalizado por intereses de mulleres e homes que xamais tiveron na man a máis mínima posibilidade de nos entender. Neste sentido penso que a persecución que temos sofrido moitas mulleres que desexabámos outra orde de cousas, persecución na vida diaria e no que poderíamos chamar capitalización por parte de tantos e tantos grupos políticos que antes de pararse a escoitarnos pretenderon asimilarnos ou captarnos pros seus propios intereses, foi verdadeiramente dañina pró movemento feminista astra tal punto que moitas chegamos a ter vergoña de que nos tildasen de feministas. Isto é o que eu chamo caza de bruxas. Sorte que conseguiron esnaquizar, e refirome ós últimos cinco anos, aquel movemento que naceu cunha determinada forza. E digo sorte porque penso que foi o mellor que puido pasar, polo menos quedou claro que non temos as mesmas estruturas, que non nos interesan determinados xogos. Persoalmente esto dame unha maior confianza na mu-

ller, eu penso nos disolvemos pra xurdir doutra maneira, sen comercio polo meio, pois ben, xa ves se temos ou non que ver coas bruxas. De calquera maneira existe aínda un risco, imaxina que volten ás andadas e lles dé por sair outra vez de caza... Pro esto sería recuar, é de esperar que ante de quedar estrondosamente mal, unha vez máis mal, polo menos e pensen, non che parece?

ENTREVISTA E TRADUCION Colectivo Feminista



Poesía

Sinto contra min
unha chea de ollos
de mil castes agresivas
e unha desenfreada tolerancia
que contén un xesto infindo
de opresión, bulra, remedia, favor...
Sinto labaradas de violencia
dentro de un discurso intocabel
irreversiblemente
non subvertibel:
sintome fondamente
cansa, calada, moi soia...
E comenzo a sentir
UNHA inqueda rebeldia
visceralmente muller.

Tarde,
8 de Outono 78
María Bauçá

CINE E MULLER



DEFENSA E COMENTARIO DE "UNA MUJER COMO EVA"

Fai coma un par de meses circulou polos cines do país unha película que moi poucas privilexiadas tivemos ocasión de ver, porque pasou cáseque desapercibida para quén temos inquietudes feministas e cinéfilas. A raíz da súa proxección en Santiago tivo lugar un feito ben sinifcativo que "levantou as nosas iras".

Cine e muller, non é casualidade o título. O escollimos para facer fíncapé e machacar unha vez e cantas faga falta, sobre quén dende todos os frentes e con multitude de artimañas pretenden atacar ao movemento feminista e as súas manifestacións públicas. En esta ocasión o ataque é directo e solapado a un tempo, porque facendo gala de un cinismo descarado utilízase unha pintada do noso movemento para desvirtuar o verdadeiro sentido de unha película que só pode ser etiquetada como feminista.

"Una mujer como Eva" de Nouchaka Van Brakel, a pesares de vir clasificada "S", non é unha película pornográfica, nin tan siquera erótica, pero si é peligrosa -daí a súa clasificación- tanto polo contido como polo tema. Peligrosa porque é revolucionaria e profundamente real. Peligrosa porque é tierna e gusta -sobre todo ás mulleres-. Peligrosa porque é RADICAL, reflexo de un movemento que cada día é máis difícil de ridiculizar ou ignorar e que desesperadamente se manipula e marxina.

Eva reflexa a esa muller que se revela contra o seu papel de esposa-nai cando morde a "mazán" o fruto prohibido do paraíso do home, e se enamora de unha muller.

Con un argumento tan simple, desencadénase unha trama que funciona ás mil maravillas como revulsivo para mentes obtusas e cuadrículadas incapaces de asumir a realidade da súa propia ruínosa vida cargada de represión, e que non resistindo o morbo de ver unha pretendida película "S" de tortilleras, asisten a unha proxección que colma o vaso da súa moralidade machista e burguesa; porque salvo as que sabíamos de que iba, o resto do "respectable público" esperaba ver tetas e máis tetas, e cal non é a súa sorpresa cando teñen que mirar como dúas mulleres se enamoran e se aman, e pretenden disimular a súa rabia con comentarios do máis xenuino estilo machista. Así frios e rabiosos fuxiron cando esperaban saír "quentes" e orgullosos da súa masculinidade.

Sabemos que non lles aproveitou, pero a nos sí.



COLABORACION DA COMPAÑEIRA ANA ROMANI

Estou a facer un poema de vida para ti,
compañeira que te atopas aberta a aberta mais lonxe,
que sintes a maldade do lusco na cadea
que vas sufrindo laios polos vieiros dos loitos
i alcéndensete os ollos ante beizos de pombas incon-
clusas.

Fico eiqú soia entre tanta escuridade,
cando tento facer un poema de lume para ti,
muller con pes de alas máxicas,
sombra marmurante de falsas verbas acariciantes
sulagada nos ollos mortos da fantasía, romántico tem-
po de agonía.

Vaise perdendo paseniño a mística noite de novos
anceios.

e tristemente antergas boto as verbas novas no mare,
quedamente tesa, inmutabel, estática permañeizo
coma imaxe de pedra de friaxe cuberta,
enraigada na mais profunda e inesperada traxedia,
-ollo vixiante o sorriso que desaparece sin ser nado-
Tic-tac, camiña o reloxe
i esquencese xa de que rematou o seu tempo.
Chegan as noites de totalas noites
i o fume enche o espacio de figuras deformadas,
mounstruosas faces de iñorantes pantasma, panta-
sias,

vai tomando forma, modelándose no silencio
cando os degoros abandonados nun intre
esmorecen coma os anos perdidos na negación do eu
coido.

Verbas, mixtos alcendidos apagados antes do termo,
nunca rematei o escomezado, non quero,
non poído asesniá-los versos e cicais cos puntos...
sacaredes vos a moralexa inexistente.
Cuberta de verbas silenciadas soterrame a terra,
a cada intre mais verbas levo ao lombo.
a cada intre
máis valdeiras.

Estou a facer un poema con verbas valdeiras para ti,
muller, que son eu mesma.

ANA ROMANI

COUSAS ♀ CURIOSIDADES

QUIEREN CONTINGENTES FEMENINOS

Lérida (Europa Press). El recientemente constituido Partido de "los solteros del Pallars" (PSP) ha solicitado "La importación de contingentes femeninos", "a esta comarca leridana y la colaboración de los organismos públicos para que promuevan la institución familiar, según informa "El Periódico". Estas y otras reivindicaciones han sido insertadas por el PSP en una revista local, añadiendo que la desproporción existente, de dos mujeres por cada once hombres, está provocando "una desmesurada tendencia hacia el alcoholismo y otras hierbas". Por su parte, el alcalde de Tremp y un médico de la localidad, próximo a la dirección del PSP, han desmentido estas afirmaciones del predominio numérico masculino.

TRABAJADORA CASTIGADA DE CARA A LA PARED

Burgos (Europa Press) La Delegación Provincial de Trabajo de Burgos ha levantado acta de infracción a la empresa "Manufacturas Alcides" de Burgos, cuyo director castigó a una trabajadora a permanecer dos horas de cara a la pared por hablar con una compañera, según fuentes de la Delegación ministerial.

La operaria Margarita González tuvo que ponerse en un rincón del pasillo, mirando a la pared, por orden del director. La Delegación de Trabajo, ante la denuncia presentada por tres compañeros de la castigada, ha estimado que la actuación del director es contraria al artículo 4 del Estatuto de los Trabajadores.

SIN COMENTARIOS